

Á MESA DO PARLAMENTO

Os deputados Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Eva Solla Fernández, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso e Xosé Manuel Beiras Torrado, membros do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión, referida á **modificación da relación de postos de traballo do persoal do Consello de Contas**

Hai escasos días, no DOG nº 111 do 13 de xuño de 2016, dábase a coñecer o Acordo do 31 de maio de 2016 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo do persoal desta institución.

O Consello de Contas conta coa potestade de autoorganizarse para estruturar os seus propios medios e servizos do modo máis conveniente para o exercicio das súas competencias e a consecución dos seus fins. Fins que foron reformulados pola Lei 8/2015 (DOG nº 164 do 28 de agosto), xa que se lle atribúe de forma específica ao Consello de Contas as competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma (novo punto 3 no artigo 1 da Lei 6/1985).

Resulta un tanto sorprendente, por non empregar outros termos, que dos 79 postos da RPT 77 sexan de Libre Designación, mentres que só 2 postos obedecen a concurso. Sorprendente porque esta circunstancia atenta contra a norma que figura no artigo 17.5 da Lei, onde se di, de forma explícita: “5. *Os postos de traballo reservados a persoal funcionario de carreira proveranse ordinariamente polo procedemento de concurso específico.*”

Ante todo o exposto, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Parécelle oportuno á Xunta de Galicia que o Consello de Contas conte cunha plantilla onde 77 dos 79 postos de traballo son de libre designación?
- 2) Considera a Xunta que existe así a necesaria independencia no persoal do Consello de Contas para realizar a súa tarefa de control da fiscalidade e da corrupción?
- 3) Ten pensado a Xunta de Galicia facer que se cumpra co que di o artigo 17.5 da Lei e regularizar unha situación a todas luces anómala? Convocará concursos específicos para facelo?

Santiago de Compostela, 22 de xuño e 2016.

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 22/06/2016 10:52:39

Ramón Vázquez Díaz na data 22/06/2016 10:52:48

Eva Solla Fernández na data 22/06/2016 10:52:56

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 22/06/2016 10:53:06

Anton Sánchez García na data 22/06/2016 10:53:46



Juan Manuel Fajardo Recouso na data 22/06/2016 10:54:31